

Instrución 1/2023, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación para iniciar o procedemento de avaliación final do rendemento do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2019.

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, modificada pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 201, do 22 de outubro de 2019) pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, recolle no artigo 6 do anexo I o procedemento de avaliación do rendemento para a fase de estadía das persoas contratadas con cargo á modalidade A deste programa.

Este proceso realizarase a partir da documentación que se lles require ás persoas investigadoras que foron contratadas ao abeiro da citada orde polas universidades do SUG e polas demais entidades indicadas no artigo 2, para que presenten e sometan o seu currículo á avaliación por comités avaliadores externos.

De acordo co Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia (en adiante, SUG), seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

De acordo co Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG núm. 128, do 30 de xuño), polo que a súa duración se ampliou 6 meses como consecuencia da situación creada pola pandemia do COVID-19, e da Instrución 3/2020 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, en relación coas estadías das convocatorias de axudas posdoutorais dos anos 2018 e 2019 como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19.

En consecuencia, o secretario xeral de universidades e a directora da Axencia Galega de Innovación, no uso das competencias que teñen atribuídas, ditan a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria do ano 2019 que permanezan no programa na data de publicación desta instrución.
2. A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e



calidade das avaliacións) por expertos de fóra do Sistema de I+D+i, coa colaboración da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas persoas interesadas e de acordo cos criterios e documentación sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.

De acordo co disposto no artigo 6.2 do anexo I das bases desta convocatoria, as comisións de avaliación terán como referencia os criterios de avaliación establecidos na Resolución do 2 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Universidades pola que se fixa o procedemento para a expedición das certificacións I3 a efectos do establecido na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, modificada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2022. Tendo en conta que o período formativo se desenvolveu en moitos casos condicionado pola pandemia Covid-19, o que motivou a extensión xenérica dos contratos e puido obrigar a alteracións dos plans iniciais de traballo, o equipo avaliador tomará en consideración esta situación e poderá modular os criterios atendendo ao contexto da pandemia no período. Complementariamente, os equipos avaliadores poderán ter tamén en conta todas aquelas circunstancias sinaladas no artigo 18.3 da orde de convocatoria que deron lugar a interrupcións do contrato.

3. Para tal fin, as persoas interesadas deberán remitir, no prazo de dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación desta instrución, a documentación necesaria para a avaliación das axudas, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica. O envío desta documentación deberá realizarse por medio do procedemento PR004A (Solicitude Xenérica da Sede Electrónica da Xunta de Galicia) e será remitida a:

- Á Secretaría Xeral de Universidades, no caso de persoas contratadas por unha universidade do SUG;
- á Axencia Galega de Innovación no resto de entidades.

4. A documentación terá que abranguer os seguintes aspectos:

- 4.1.- Currículo actualizado nun modelo normalizado (formato pdf), preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>. O currículo complementarase cos documentos xustificativos dos méritos alegados, xunto coas copias ou enlaces ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc., e cun documento índice de cada un dos méritos alegados e xustificados que permita unha doada identificación de cada un deles, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice. De acordo co indicado no anexo IV da Resolución do 2 de decembro de 2021, incluírase así mesmo un breve resumo das mellores achegas científico-técnicas da persoa solicitante e outro cunha relación do méritos logrados (relativos aos apartados dos criterios de avaliación de Outros méritos curriculares e Liderado).
- 4.2.- Achegas científico-técnicas. Valorarase a contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados congresos, as patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía.
- 4.3.- Outros méritos curriculares. Valorarase, entre outros aspectos, a dirección de teses de doutoramento e traballos de fin de mestrado universitario, a obtención de premios, mencións e



distincións, actividades de divulgación científica e calquera outra achega que permita valorar méritos en investigación non incluídos nos anteriores apartados.

- 4.4.- Internacionalización. Valorarase a participación directa en accións relacionadas con programas e proxectos internacionais, especialmente relacionados con programas de mobilidade internacional predoutoral e posdoutoral, así como as publicacións, participación ou financiamento de proxectos e contratos realizados en colaboración internacional.
- 4.5.- Liderado. Valorarase a independencia investigadora da persoa avaliada mediante a súa participación como investigador/a principal en programas e proxectos de investigación nacionais, rexionais e/ou internacionais obtidos mediante concorrencia competitiva, incluídos os financiados por empresas e outras entidades privadas.
- 4.6.- Memoria da actividade desenvolvida. Esta memoria poderá reflectir aquelas consideracións que a persoa entenda que deba facer constar e que sexan pertinentes para que o equipo avaliador poida modular os criterios atendendo ao contexto Covid-19 ou a calquera das circunstancias que supuxeron unha interrupción dos contratos de acordo coas causas recollidas no artigo 18.3 da Orde de convocatoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de universidades

A directora da Axencia Galega de Innovación

José Alberto Díez de Castro

Patricia Argerey Vilar

